

Réxime xurídico aplicable ao centro docente e
aos seus órganos colexiados

O ordenamento xurídico

Normas xurídicas:

- Leis: ordinarias, orgánicas, básicas.
- Normas con rango de lei
- Regulamentos

Artigo 149.1.30 da Constitución: establece a competencia exclusiva do Estado sobre a “Regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.”

Artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia

establece que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Funcionamento administrativo

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC)

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSC).

Con respecto ao funcionamento electrónico do sector público, deben destacarse dúas previsións da Lei 40/2015:

En primeiro lugar, prevese a utilización de sistemas de sinatura electrónica por parte do persoal que presta servizos na administración pública.

En segundo lugar, prevese o arquivo electrónico de documentos.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Artigo 24 Lei 1/2016:

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Diferencia acceso interesados ao seu expediente/ acceso información pública/
acceso a información particular.

Normativa en materia de xestión orzamentaria:

1. O Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que é a norma que regula a facenda da comunidade autónoma, o contido e procedemento de elaboración dos orzamentos, así como a súa execución, e o réxime de control.
2. O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión dos centros docentes públicos non universitarios.

A autonomía de xestión:

Os centros docentes públicos de niveis non universitarios disporán de autonomía na xestión económica dos seus recursos, definida como a xestión polo propio centro dos gastos necesarios para o seu funcionamento, de xeito que permitan acadar os obxectivos previstos.

O orzamento do centro educativo:

O orzamento dos centros docentes públicos é a expresión cifrada, conxunta e sistemática dos ingresos previstos e das obrigas que como máximo pode recoñecer o centro para o seu funcionamento.

É o instrumento de planificación económica do centro no referido aos ingresos e aos gastos para acadar os seus obxectivos nun tempo determinado.

O orzamento será equilibrado a nivel contable, de xeito que a totalidade dos ingresos debe ser igual á totalidade dos gastos. Isto é importante porque nunca pode preverse a realización de gastos por importe superior aos ingresos previstos.

O orzamento anual de ingresos comprenderá unha previsión detallada de todos os ingresos que o centro prevexa recibir no exercicio orzamentario.

O orzamento anual de gastos, que será limitativo, estará integrado pola totalidade dos créditos precisos para o funcionamento do centro e o cumprimento dos obxectivos contidos nos seus proxectos institucionais.

Terán preferencia na ordenación dos gastos, os fixos e periódicos e, naqueles centros nos que non sexa competencia doutras entidades ou institucións, tamén os de reparación e conservación das instalacións do centro.

O exercicio orzamentario dos centros docentes públicos abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano, en correspondencia cos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Execución do orzamento:

Todos os centros públicos docentes non universitarios terán aberta unha conta corrente para xestionar o movemento de fondos para gastos de funcionamento e outra para a xestión do comedor escolar nos centros que dispoñan deste servizo.

O director do centro é o responsable da execución do orzamento e, polo tanto, de aplicar as cantidades dispoñibles ás finalidades para as que foron aprobadas.

Non poden autorizarse gastos por un importe superior aos créditos consignados nin ordenar pagamentos que excedan dos ingresos efectivamente obtidos.

Normativa en materia de contratación:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP

Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

LOE: artigo 132:

Competencia contratación

1. A competencia das direccións dos centros educativos refírese á contratación que segundo a LCSP ten a consideración de contratos menores: é dicir, cun límite de 40.000 € para obras e de 15.000 euros para servizos ou subministracións, en ambos os dous casos sen incluír o IVE.
2. Debe terse en conta que a Lei 14/2013, do 26 de decembro, dedica o seu título II á racionalización e redución de custes na contratación do sector público. O seu artigo 20 establece que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, as subministracións, obras, servizos e calquera outras prestacións que polo seu carácter común poidan contratarse de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos. De xeito que, en relación con determinadas subministracións, existe unha contratación centralizada por parte da Xunta de Galicia, como sucede co gasóleo para calefacción, enerxía eléctrica, etc. Nestes casos haberá que respectar o contrato centralizado correspondente.

Contratos menores:

Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos. (non se conta o IVE)

A tramitación do expediente vai a esixir os seguintes pasos:

- a) o informe motivando a necesidade do contrato: é dicir, antes de proceder á contratación ou encargo de calquera ben ou servizo, sexa cal sexa o seu custe, debe xustificarse que resulta preciso para o correcto funcionamento do centro.
- b) a aprobación do gasto: este apartado se refire a que, logo de constatar que existe orzamento suficiente se aproba realizar este gasto.
- c) a incorporación ao mesmo da factura correspondente.
- d) No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran.

Órganos colexiados

Convocatorias e sesións.

1. Todos os órganos colexiados se poderán constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, salvo que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario.
2. Para a válida constitución do órgano, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou, se for o caso, dos que os suplan, e a da metade, ao menos, dos seus membros.
3. Salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar nelas a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando for posible, as condicións en que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, se fora o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.
4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
5. Os acordos serán adoptados por maioría de votos.
6. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se fora o caso, poida derivar dos acordos

Actas

1. De cada sesión que celebre o órgano colexiado o secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados. As ditas actas poderanse aprobar na mesma reunión ou na inmediata seguinte.

Poderanse gravar as sesións que celebre o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

2. A acta de cada sesión poderase aprobar na mesma reunión ou na inmediata seguinte. O secretario elaborará a acta co visto e prace do presidente e remitiraa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para efectos da súa aprobación, e, en caso afirmativo, considerárase aprobada na mesma reunión.

Dereitos dos membros:

Os membros do órgano colexiado deberán:

- a) Recibir, cunha anticipación mínima de dous días, a convocatoria coa orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á súa disposición en igual prazo.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican. Non se poderán abster nas votacións os que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros natos de órganos colexiados, en virtude do cargo que desempeñan.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.